



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Vigo. Municipio: Baiona. Parroquias: Santa María de Fóra de Baiona. Extensión: 0,29km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Tramo costeiro caracterizado por unha parede acantilada de gran potencia de natureza granítica e unha vertente de perfil convexo no que a pendente media é moi elevada, en xeral superando o 30% en gran parte da súa superficie aínda que se suaviza no alto do Monte da Rocha. A dinámica erosiva deu lugar a unha ladeira moi degradada na que abundan os afloramentos do substrato rochoso.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Esta zona caracterízase pola litoloxía granítica de afinidade alcalina que presenta algúns diques acedos de pouca potencia e zonas de heteroxeneidade acusada (migmatitas). Os depósitos cuaternarios localízanse na zona oeste, tratándose de materiais coluviais que proceden do dismantelamento dos relevos circundantes.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Costa acantilada de ambiente climático Cálido e Húmido: temperatura media anual que non descende dos 15°C e unhas precipitacións acumuladas entre 1200mm e 1400mm anuais. A variación térmica ao longo do ano sitúase entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

Tramo acantilado con predominio dos solos novos e esqueléticos, moi afectados pola dinámica erosiva, do tipo leptosol lítico nos que abundan os afloramentos do substrato granítico.

AS AUGAS

Suaves valgas sucadas por arroios temporais que sucun a costa acantilada da unidade, orientada cara ás Augas Costeiras de Cabo Silleiro (20103).

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorna mariña das Rías Baixas. Tramo cantil cunha fronte bastante artificial polo paso da estrada da costa. Así, non se desenvolve ben o hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos. O dismantelamento da fronte rochosa si que ofrece potencialidade ao hábitat 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. As vertentes ofrecen algúns sectores con matogueira, pero este atópase bastante degradado e non desenvolve ben os hábitats potenciais (4030 e 4040). O que ofrecen estas ladeiras é un conxunto de afloramentos que introducen e dan importancia ao grupo de hábitats 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Os usos do solo veñen restrinxidos pola topografía e xeomorfoloxía que limitaron a actividade antrópica, case en exclusiva ao aproveitamento forestal. A primeira franxa costeira está configurada por formacións acantiladas que dan paso ás escarpadas ladeiras do Monte da Rocha, que constitúen a totalidade desta unidade de paisaxe; nelas alternan grandes áreas cubertas de formacións vexetais costeiras con extensos afloramentos graníticos e masas arbóreas, especialmente piñeirais. O monumento á Virxe da Rocha e a área recreativa anexa ou o centro educativo son usos cunha presenza puntual no territorio.

MORFOLOXÍA

A morfoloxía vén caracterizada pola orografía montañosa, a litoloxía granítica, as formacións acantiladas como forma de entrega ao mar sen elementos significativos antrópicos fóra da estrada litoral que acompaña á liña de costa ou o equipamento educativo situado no alto do monte da Rocha. Os seus fortes condicionantes xeográficos preservárono do intenso desenvolvemento urbanístico da fronte costeira que se prolonga desde Vigo até Cabo Silleiro.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede viaria está tamén moi condicionada polas características físicas da unidade, que lle imprimen unha forte liñalidade paralela á costa e próxima calquera posibilidade de conexión transversal directa, fóra dun camiño peonil que ascende ao Monumento da Virxe da Rocha desde as proximidades de Punta Sansón. A única vía rodada de certa consideración que atravesa o ámbito é a PO-552, que o fai pegada ao litoral e percorre o conxunto de norte a sur. A EP-2202 transcorre pola cima do Monte da Rocha, cunha traza sensiblemente paralela á anterior, aínda que só parte deste percorrido está englobado nesta unidade.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O elemento patrimonial de maior relevancia que se atopa neste ámbito é o Monumento da Virxe da Rocha, situado sobre o Monte Sansón a 100 metros sobre o nivel do mar, deseñado polo arquitecto Antonio Palacios e construído entre 1910 e 1930. O primeiro domingo de agosto, para conmemorar a súa construción, realízase unha romaría popular no parque recreativo que se acondicionou no Monte, aos pés da figura.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Unidade moi condicionada polas súas características físicas, xa que o macizo rochoso da ladeira do Monte da Rocha, coa súa forte pendente ao longo de todo o ámbito, dificulta (se non imposibilita) a presenza antrópica, tanto para a localización de asentamentos de poboación como para a explotación produtiva do chan, que se ve limitada a explotacións forestais combinadas con vexetación costeira de matogueira. A estrada PO-552 segrega a fronte costeira cantil do resto do territorio, xerando un importante corte tanto físico como funcional que dificulta as conexións transversais entre o litoral e a superficie continental da unidade.

DINÁMICA DA PAISAXE

Trátase dun ámbito que nunca soportou unha actividade antrópica relevante, exceptuando as actividades forestais propias das explotacións silvícolas. Esta tendencia mantívose con notable continuidade ao longo do tempo, de modo que na actualidade os parámetros de ocupación do territorio non experimentaron modificacións importantes. A construción da estrada costeira foi, probablemente, a intervención que maiores modificacións introduciu na paisaxe, xa que alterou notablemente a percepción, os usos e a continuidade territorial. Os procesos de urbanización que esta vía leva aparelados noutros ámbitos próximos non se realizan nesta unidade, salvagardada neste aspecto polas súas peculiaridades orográficas.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Paisaxe que pola potencia dos seus elementos naturais (Monte da Rocha, cantís costeiros) ten unha enorme capacidade expresiva, a pesar dos importantes impactos que supoñen a estrada ou as actuacións urbanísticas na cima do monte. O valor simbólico do Monumento da Virxe da Rocha, fito de especial importancia cultural que excede o ámbito desta unidade, é unha referencia para todo o Concello de Baiona, potenciado pola súa localización privilexiada e polo acondicionamento paisaxístico do enclave sobre o que se eleva. As conexións visuais entre esta contorna e o de Baiona son, por tanto, intensas e próximas, mantendo tamén unha relación visual coas Illas Serraleiras e a costa de Monteferro a través da Ría de Baiona, así como coas illas Cíes, sensiblemente máis afastadas pero cunha imprescindible presenza paisaxística. Esta unidade supón un dos escasos enclaves costeiros entre Vigo e Cabo Silleiro que non acolle densos e extensivos fenómenos urbanizadores, o que a converte nun ámbito de especial singularidade dentro do conxunto do sector da Ría de Vigo. A estrada que surca a fronte costeira da unidade conta con varias zonas de miradoiro dende onde é posible pararse e divisar a paisaxe.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros


Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



